



ARTE E NATUREZA NO PAZO DE TOR

BASES DA CONVOCATORIA

Ubicado nun enclave máximo de natureza rural, o **Pazo de Tor** (Monforte de Lemos, Lugo) nacido como museo fai sete anos, transformárase con este proxecto en **centro de investigación e difusión artística** entorno aos conceptos arte, natureza e territorio. A súa finca tornarase en espazo de intervencións, en **estudio compartido ao aire libre** e en **sustrato de cultivo de creación** para crear sinerxias entre artistas.

Partindo da celebración **do I SIMPOSIO de Arte e Natureza, encontros co artista Fernando Casás** (27 e 28 de Xullo), que outorga o marco teórico e analítico da situación desta vía de traballo, con esta convocatoria preténdese conformar unha **residencia artística**, una colección aberta, falando da relación da arte coa natureza, e nun sentido máis xeral co entorno e coa **diversidade da paisaxe da zona**.

1.- PARTICIPANTES:

Poden concorrer a esta convocatoria todos os artistas que o desexen, sen exclusións por motivos de idade ou procedencia, individual ou colectivamente.

-VALORARASE POSITIVAMENTE:

Ter asistido ao marco teórico do proxecto, o **I SIMPOSIO ARTE E NATUREZA, encontros co artista Fernando Casás** (27 e 28 de Xullo, Pazo de Tor, inscrición previa gratuita, 50 prazas).

2.- DISCIPLINAS:

A disciplina é aberta, dentro do marco Arte e Natureza: intervención, instalación, escultura, audiovisual... O formato e a técnica serán libres, mantendo sempre o respecto ao espazo e natureza, así como ao resto dos artistas.

3. - SOLICITUDE:

Os participantes deberán enviar a **documentación requirida en formato dixital**, antes das **14.00 horas do 10 de Agosto** a: xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

4. - DOCUMENTACIÓN:

- Dossier do proxecto a realizar durante a residencia (máximo 5 páx.) (**punto 4.1**)
- Dossier de obra recente (máximo 10 páx.)
- CV artístico (máximo 2 páx.)
- Fotocopia do DNI.
- Solicitud, debidamente cuberta.

4.1 – PROXECTO DE INTERVENCIÓN:

Cada artista ou colectivo artístico elaborará un proxecto de intervención artística/instalación/obra a realizar durante os días **do 20 ao 25 de Agosto**, a modo de residencia artística aberta ao público.

- O proxecto deberá ser inédito.
- Un xurado especializado seleccionará, entre os proxectos presentados.

DOSIER DO PROXECTO:

- Título do proxecto.
- Xustificación do proxecto expositivo: argumento e discurso.
- Deseño expositivo (anteprojecto) e/ou desenrolo espacial : pezas/instalacións que compoñen a obra, con foto do espazo ou esbozo e descrición; así como as necesidades específicas para a realización e exhibición da mesma.

5.- RESOLUCIÓN:

A resolución coa relación dos **4 artistas/colectivos e proxectos seleccionados**, farase pública, o día **12 de Agosto**, na páxina web do Museo Provincial de Lugo (<http://www.museolugo.org>) e no blog do proxecto Enredarte (<http://enredarteredemuseistica.wordpress.com>). Aos artistas seleccionados se lles notificará dita resolución por teléfono e/ou correo electrónico.

6.- EXPOSICIÓN:

A exposición inaugurarase á clausura do período da residencia artística: o **25 de Agosto ás 20.00h**. Asímesmo, a mostra extenderase ata o 30 de Setembro.

7.- DEREITOS E DEBERES:

A Rede Museística da Deputación de Lugo:

- porá a disposición do artista fotografías do espazo e finca do pazo, que poderán visitar, aviso previo, se o considerasen necesario.
- comprométese á **elaboración do correspondente catálogo** dos proxectos seleccionados.
- colaborará con cada artista seleccionado **aportando o aloxamento** durante a residencia artística (do 20 ó 25 de Agosto).
- colaborará con cada artista seleccionado **aportando 300 euros** en concepto de produción.

As obras realizadas na convocatoria serán **propiedade dos artistas**, polo que unha vez finalizada a mostra disporán de 15 días para retirar as obras ou elementos recuperables da intervención se así o deciden.

A Rede Museística da Deputación de Lugo non se fai responsable:

- dos gastos de materiais, medios e ferramentas necesarios para realizar as obras polos cales os artistas foron seleccionados; así como tampouco dos gastos de transporte.
- dos gastos de manutención dos artistas participantes, así como tampouco dos traslados.
- dos danos que poidan surdiren nas intervencións e nos medios e materiais utilizados polos artistas durante o proceso de traballo.

8.- XURADO:

- O xurado estará formado por expertos do mundo da arte e membros da Rede Museística Provincial.
- O xurado valorará a calidade e originalidade dos proxectos, o desenvolvemento do proxecto expositivo e a súa adecuación aos obxectivos definidos nesta convocatoria.

9.- ACEPTACIÓN RESPONSABLE:

- A persoa que solicita a participación nesta convocatoria deberá declarar que os datos que aporta son veraces e que acepta todos os puntos presentes nesta, comprometéndose a levar a cabo ditos puntos e respetar os prazos estipulados.
- Para calquer información adicional, se poden enviar consultas ao e-mail xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org ou no tfno. 982 242 112.

10.- RENUNCIA:

- A participación nesta convocatoria de "Arte e Natureza" supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e a renuncia a calquer tipo de reclamación.



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL